

# BACHARELATO

## **Introdución, contextualización, profesorado, criterios de avaliación, libros de lectura e actividades extraescolares na 1ª parte da programación**

### **OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO**

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que os facultan para desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permiten:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a galega.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

## OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

A LOMCE, segundo o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, establece os seguintes obxectivos xerais para a Lingua Galega e Literatura:

«A materia Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe».

»A finalidade da reflexión lingüística é o coñecemento progresivo da propia lingua, que se produce cando o alumnado percibe o uso de diferentes formas lingüísticas para diversas funcións e cando analiza as súas propias producións e as dos que o rodean para comprendelas, avalialas e, no seu caso, corríxilas. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfrónalos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

»Os elementos de Lingua Galega e Literatura supoñen unha progresión respecto aos saberes e habilidades adquiridos desde o inicio da vida escolar. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da lingua artículase ao redor dun eixe que é o uso social da lingua en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares. A materia céntrase na aprendizaxe das destrezas discursivas que poden darse en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos acerca do funcionamento da linguaxe en todas as súas dimensións, tanto relativos aos elementos formais como ás normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

»A lectura de textos diversos e a súa comprensión contribúe á adquisición de destrezas comunicativas».

A lei establece a adquisición das destrezas básicas que debe manexar o alumnado para ampliar a súa capacidade de comprensión e expresión oral e escrita e a súa educación literaria a través de catro bloques de contidos cuxos obxectivos específicos resumimos aquí:

### **Comunicación oral: escoitar e falar**

- Adquirir habilidades para comunicar con precisión as ideas propias.
- Realizar discursos elaborados e adecuados á situación comunicativa.
- Escoitar os demais e interpretar correctamente as súas ideas.

### **Comunicación escrita: ler e escribir**

- Aplicar estratexias de lectura para achegarse a textos con diferentes graos de complexidade.
- Entender textos de diversos xéneros.
- Recoñecer as ideas explícitas e implícitas dos textos.
- Desenvolver o pensamento crítico e creativo.

- Seguir un método estruturado no traballo escrito: planificación, creación de borradores, revisión e redacción.
- Escribir textos coherentes e adecuados.

### **Coñecemento da lingua**

- Utilizar os mecanismos lingüísticos como base para un uso correcto da lingua.
- Interiorizar e usar adecuadamente as regras ortográficas e gramaticais.
- Reflexionar sobre as palabras, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración.
- Recoñecer as relacións gramaticais entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto.
- Afondar nas relacións textuais que fundamentan o discurso.
- Reflexionar sobre as variedades lingüísticas da lingua.

### **Educación literaria**

- Formarse como lectores cultos e competentes.
- Ler, comprender e interpretar os textos literarios máis representativos da literatura galega.
- Achegarse aos xéneros literarios.
- Establecer as relacións entre o contexto sociocultural e a obra literaria.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras da literatura galega e universal.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras en xeral e de obras da literatura galega e universal de todos os tempos.

Por último, a lei conclúe que a materia Lingua galega e Literatura, «persegue o obxectivo último de crear cidadáns conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo e de formar as súas propias opinións a través da lectura crítica das obras literarias máis importantes de todos os tempos».

## **OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS**

A LOMCE, segundo o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, establece os seguintes obxectivos xerais para a Lingua Galega e Literatura:

«A materia Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe».

»A finalidade da reflexión lingüística é o coñecemento progresivo da propia lingua, que se produce cando o

alumnado percibe o uso de diferentes formas lingüísticas para diversas funcións e cando analiza as súas propias producións e as dos que o rodean para comprendelas, avalialas e, no seu caso, corríxilas. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfrónalos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

»Os elementos de Lingua Galega e Literatura supoñen unha progresión respecto aos saberes e habilidades adquiridos desde o inicio da vida escolar. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da lingua artículase ao redor dun eixe que é o uso social da lingua en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares. A materia céntrase na aprendizaxe das destrezas discursivas que poden darse en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos acerca do funcionamento da linguaxe en todas as súas dimensións, tanto relativos aos elementos formais como ás normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

»A lectura de textos diversos e a súa comprensión contribúe á adquisición de destrezas comunicativas».

A lei establece a adquisición das destrezas básicas que debe manexar o alumnado para ampliar a súa capacidade de comprensión e expresión oral e escrita e a súa educación literaria a través de catro bloques de contidos cuxos obxectivos específicos resumimos aquí:

#### **Comunicación oral: escoitar e falar**

- Adquirir habilidades para comunicar con precisión as ideas propias.
- Realizar discursos elaborados e adecuados á situación comunicativa.
- Escoitar os demais e interpretar correctamente as súas ideas.

#### **Comunicación escrita: ler e escribir**

- Aplicar estratexias de lectura para achegarse a textos con diferentes graos de complexidade.
- Entender textos de diversos xéneros.
- Recoñecer as ideas explícitas e implícitas dos textos.
- Desenvolver o pensamento crítico e creativo.
- Seguir un método estruturado no traballo escrito: planificación, creación de borradores, revisión e redacción.
- Escribir textos coherentes e adecuados.

#### **Coñecemento da lingua**

- Utilizar os mecanismos lingüísticos como base para un uso correcto da lingua.
- Interiorizar e usar adecuadamente as regras ortográficas e gramaticais.
- Reflexionar sobre as palabras, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración.
- Recoñecer as relacións gramaticais entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto.
- Afondar nas relacións textuais que fundamentan o discurso.
- Reflexionar sobre as variedades lingüísticas da lingua.

#### **Educación literaria**

- Formarse como lectores cultos e competentes.
- Ler, comprender e interpretar os textos literarios máis representativos da literatura galega.
- Achegarse aos xéneros literarios.
- Establecer as relacións entre o contexto sociocultural e a obra literaria.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras da literatura galega e universal.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras en xeral e de obras da literatura galega e universal de todos os tempos.

Por último, a lei conclúe que a materia Lingua galega e Literatura, «persegue o obxectivo último de crear cidadáns conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo e de formar as súas propias opinións a través da lectura crítica das obras literarias máis importantes de todos os tempos».

### 1. XENERALIDADES

O desenvolvemento dos contidos no presente proxecto de Lingua Galega e Literatura de 1.º de Bacharelato segue as directrices establecidas na actualidade polas administracións educativas.

Ao longo das quince unidades das que se compón o libro do alumnado, distribúense os distintos contidos da área de Lingua Galega e Literatura que abranguen tres campos que permiten ao alumnado adquirir as destrezas básicas para adquirir a competencia comunicativa: o coñecemento da lingua, a variedade dos discursos e o tratamento da información, e o discurso literario.

As unidades 1 e 2 inciden nas características dos textos (adecuación, coherencia e cohesión) e no estudo de todas aquelas variedades textuais, tanto orais coma escritas, que poden ser de utilidade para os estudantes na súa vida cotiá. O coñecemento da lingua segue no libro coas unidades 3 a 7 dedicadas aos conceptos fundamentais da morfoloxía: o substantivo e o adxectivo, o pronome persoal, os determinantes e outros pronomes, o verbo e o adverbio, as preposicións e as conxuncións. As unidades 8 e 9 dedícanse ao estudo da Historia da Lingua, desde os seus inicios ata a actualidade; a unidade 10 céntrase no estudo da variación e a diversidade lingüística. Estas unidades de Lingua complementáanse cunhas Actividades de repaso, que se desenvolven nunha páxina e teñen como obxectivo reforzar os contidos estudados a partir de actividades relacionadas cun texto.

A unidade 11 introduce os contidos de Literatura cunha unha visión histórica das producións máis significativas do noso acervo literario, desde a Idade Media ata o século XIX. En cada época estúdanse os xéneros e os autores máis representativos, de cuxas principais obras se extractan fragmentos sobre os que consideran actividades diversas. Préstaselle especial atención á literatura galega medieval e aos autores do Rexurdimento.

Cada unha das unidades do libro introdúcese cunha interesante lectura cuxo contido garda relación co que se vai explicar e a traballar e en relación ao cal se lles formulan aos estudantes unhas preguntas. Non ten outro obxecto que predispoñelo positivamente cara ao estudo do tema e activar os coñecementos previos que sobre el ha de ter.

Comúns tamén a todas as unidades do libro é o resumo da unidade que recolle as ideas principais tratadas dos contidos propios de Lingua e de Literatura.

Como colofón a cada tema do libro, insírese un apartado dedicado á análise de textos, que desenvolve a capacidade de comprensión, de estruturación, de contextualización e de expresión de ideas. Propóñense todo tipo de textos no caso das unidades de Lingua, e especificamente literarios nas de Literatura sobre os que se realiza un comentario guiado e progresivo en canto á extensión e a dificultade ao longo das unidades, con preguntas e suxestións que abordan a comprensión do texto, a súa estrutura, a análise lingüística e o comentario crítico.

## **2. SECUENCIACIÓN POR UNIDADES**

### **Unidade 1. Comunicación e linguaxe**

1. A comunicación
2. A linguaxe humana
3. Elementos do acto comunicativo
4. O contorno da comunicación
5. Ruído e redundancia
6. A intención comunicativa
7. Os signos

Repaso da unidade.

Comentario de textos: A lectura e a comprensión do texto<sup>24</sup>

### **Unidade 2. Tipoloxía textual**

1. Comunicación oral e escrita
2. Tipoloxía textual
3. O texto dialogado
4. O texto descritivo
5. O texto narrativo
6. O texto expositivo
7. O texto argumentativo
8. As propiedades textuais

Repaso da unidade

Comentario de textos: O resumo

### **Unidade 3. O substantivo e o adxectivo**

1. O substantivo
2. O adxectivo cualificativo

Repaso da unidade

Comentario de textos: O título e o tema.

### **Unidade 4. O pronome persoal**

1. Definición, morfoloxía e funcións
2. Serie tónica
3. Serie átona

Repaso da unidade

Comentario de textos: O esquema

### **Unidade 5. Os determinantes e outros pronomes**

1. O artigo
2. Os demostrativos
3. Os posesivos
4. Os relativos
5. Os interrogativos e os exclamativos
6. Os numerais
7. Os indefinidos

Repaso da unidade

Comentario de textos: A estrutura



## **Unidade 6. O verbo**

1. Definición e estrutura
2. As categorías verbais
3. O sistema verbal do galego
4. Algúns valores dos modos e dos tempos
5. Formas nominais ou amodo-temporais
6. As perífrases verbais

Repaso da unidade

Comentario de textos: O comentario crítico: obxectivo e fases

## **Unidade 7. O adverbio, as preposicións e as conxuncións**

1. O adverbio
2. As preposicións
3. As conxuncións

Repaso da unidade.

Comentario de textos: O comentario crítico: introdución

## **Unidade 8. Historia da lingua: ata o século VIII**

1. Formación da lingua galega
2. O período prerromano
3. A romanización
4. Do latín vulgar ao galego portugués
5. Formación histórica do léxico galego

Repaso da unidade.

Comentario de textos: O comentario crítico: o corpo argumentativo

## **Unidade 9. Historia da lingua: séculos IX a XIX**

1. A Baixa Idade Media: galego antigo
2. A Idade Moderna: galego medio
3. A Idade Contemporánea: galego moderno

Repaso da unidade

Comentario de textos: O comentario crítico: conclusión

## **Unidade 10. A variación e a diversidade lingüística**

1. Introdución
2. A variación intralingüística
3. A diversidade lingüística
4. A realidade plurilingüe da Península

Repaso da unidade

Comentario de textos: O comentario crítico: finalidade

## **Unidade 11. A literatura galega medieval**

1. Periodización da literatura galega
2. Contexto da literatura galega medieval
3. A lírica medieval galego-portuguesa
4. A lírica profana
5. A cantiga de amigo

Repaso da unidade

Lecturas guiadas

Comentario de textos: Os textos poéticos

## **Unidade 12. A literatura galega medieval**

1. A cantiga de amor
2. Cantigas de escarnio e maldicir
3. Xéneros menores da lírica profana.
4. A lírica relixiosa: *Cantigas de Santa María*
5. Decadencia da lírica galego-portuguesa
6. A prosa literaria medieval

Repaso da unidade

Lecturas guiadas

Comentario de textos: Os textos poéticos: a estrutura

## **Unidade 13. Dos Séculos Escuros ao prerrexurdimento**

1. Os Séculos Escuros
2. A literatura popular
3. O prerrexurdimento

Repaso da unidade

Lecturas guiadas

Comentario de textos: Os textos poéticos: conclusión

## **Unidade 14. Rexurdimento: Rosalía de Castro**

1. Caracterización e delimitación do Rexurdimento
2. As causas do Rexurdimento: o galeguismo
3. Os protagonistas do Rexurdimento
4. Rosalía de Castro

Repaso da unidade

Lecturas guiadas .

Comentario de textos: Os textos dramáticos

## **Unidade 15. Rexurdimento: Eduardo Pondal e Curros Enríquez**

1. Eduardo Pondal
2. Manuel Curros Enríquez
3. Outros escritores. A prosa
4. A literatura entre dous séculos: Antonio Noriega Varela e Ramón Cabanillas

Repaso da unidade

Lecturas guiadas

Comentario de textos: Os textos dramáticos

## COMO CONTRIBÚE A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

O proxecto de Lingua e Literatura de 1.º de Bacharelato pretende que os alumnos e as alumnas adquiran as habilidades necesarias para facer efectiva a comunicación no nivel persoal, académico, social e profesional. Para iso, ademais da comunicación lingüística, propia da materia e a conciencia e expresións culturais, relacionada especialmente coa literatura, en todas as unidades se desenvolven outras competencias inherentes á propia aprendizaxe como son aprender a aprender e sentida de iniciativa e espírito emprendedor, e a competencia dixital, relacionada coa busca de información.

A competencia fundamental que desenvolve é, polo tanto, a **comunicación lingüística**. A través dos contidos, lecturas e actividades propostas ao longo do libro búscase que o alumnado sexa competente en; a) a comprensión oral e a comprensión escrita mediante a escoita e a lectura de textos de diversa índole e a escoita atenta das explicacións nas situacións comunicativas da aula e b) a expresión oral e a expresión escrita mediante a elaboración de textos propios orais ou escritos cun vocabulario e unhas estruturas lingüísticas precisos e de forma coherente e adecuada a cada situación comunicativa.

As **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** están presentes naquelas unidades nas que se traballan textos relacionados co medio e a ciencia.

A **competencia dixital** implica a utilización de medios dixitais que o alumnado de Lingua e Literatura precisará para solicitar información de dicionarios e enciclopedias e obter datos concretos sobre autores e obras, así como para ampliar os contidos ou traballar os medios de comunicación.

O carácter abstracto dunha gran parte dos contidos que se traballan en Lingua implican unha necesaria xestión dos estilos de aprendizaxe e os recursos e motivacións persoais, e un desenvolvemento das estratexias de comprensión por parte do alumnado. Así mesmo, os estudantes enfróntanse ao seguimento dunha aprendizaxe pautada e á reflexión creativa, crítica e emocional, especialmente nas análises e comentarios dos textos. Por último, a posibilidade de autoavaliar os obxectivos de aprendizaxe e de tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe están sempre presentes nas actividades de repaso e nos resumos das unidades. Todo iso fai que a competencia **aprender a aprender** se traballe en practicamente todos os apartados de cada unidade.

O alumnado adquire **competencias sociais e cívicas** a través do recoñecemento e o respecto da diversidade de ideas e opinións nos traballos de tipo colaborador de diálogo e debate e das vertidas, especialmente, nos ensaios e nos artigos de opinión. Por outra parte, os alumnos e as alumnas deberán establecer unha escala de valores desde a que emitir xuízos críticos e fundamentados sobre os textos. Traballarán tamén esta competencia ao valorar a riqueza cultural da realidade plurilingüe da Península Ibérica e ao establecer a relación da realidade histórica e a literatura.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** faise patente en todas as actividades do libro que requiren achega de ideas, análise sistemática, aplicación do aprendido para xerar novas posibilidades, creación de textos, elección de recursos, etc. Así, o alumnado adquire esta competencia en especial participando nas actividades motivadoras do inicio da unidade, resolvendo cuestións lingüísticas, construindo oracións, realizando as análises de texto pautadas, creando textos propios ou achegándose aos recursos diversos que se ofrecen na web.

A materia contribúe especialmente ao fomento da apreciación cultural e a educación do gusto que desenvolve a competencia **conciencia e expresións culturais**. Por un lado, o libro ofrece unha gran cantidade de textos de tipoloxía variada e de autores recoñecidos para traballar os contidos do curso, cuxa temática, ademais, se relaciona con temas que van desde o patrimonio natural ou científico ata a interculturalidade. Por outro, a Literatura invita ao alumnado a entrar en contacto directo con obras e autores de diversos xéneros e de valor universal sobre os que se dan as pautas e os contextos para a súa mellor comprensión, o que supón un estímulo para que os estudantes se acheguen con sensibilidade e agrado ao patrimonio literario.

A metodoloxía didáctica en Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel.

### 1. CRITERIOS METODOLÓXICOS

No proxecto de Lingua e Literatura de Bacharelato están presentes os seguintes criterios metodolóxicos:

- Adecuación das actividades á madureza do alumnado nesta etapa educativa.
- Diversidade de propostas e actividades que responden aos modos diferentes de aprendizaxes.
- Integración do aprendido a través da interdisciplinariedade.
- Desenvolvemento das capacidades cognitivas do alumnado.
- Organización e precisión en contidos teóricos e actividades prácticas.
- Aprendizaxe autónoma dos estudantes.
- Secuenciación pautada da aprendizaxe práctica.
- Participación activa do alumnado na aprendizaxe individual e en grupo.
- Fomento do interese pola aprendizaxe.
- Uso funcional da lingua.

### 2. ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

A estrutura que presenta o libro de Lingua Galega e Literatura de Bacharelato, con formulacións introdutorias para cada unidade, presentación dos contidos en apartados e subapartados diferenciados, actividades directas e focalizadas, actividades interdependentes, favorece a elección do docente das estratexias adecuadas en cada caso para que o alumnado sexa competente en comunicación lingüística segundo os obxectivos que consideran na etapa.

Entre as estratexias didácticas patentes no libro ou suxeridas nas presentacións das unidades ou nos recursos da web encóntranse a lectura; a detección de ideas previas; as explicacións sobre os contidos; as aplicacións prácticas dos saberes e as habilidades; a aplicación de técnicas de estudo; a análise e a reflexión sobre conceptos, textos ou ideas complexas; a investigación lingüística e literaria; a construción de ideas novas e xuízos críticos.

Para levalas a cabo, ofrécense actividades de diversos tipos que responden a diferentes enfoques, formas de aprendizaxe e niveis de complexidade, individuais ou de grupo, asociadas ou non a técnicas determinadas e en función dos campos traballados da lingua e a literatura: actividades de identificación, de relación, de clasificación, de organización, de estruturación, de síntese, de análise inductiva e deductiva, de lectura, de comentario, de escritura, de chuvia de ideas, de diálogo e debate, de reflexión, de contextualización, de busca de información, de investigación, etc.

Os estudantes manifestan unha gran diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan un reforzo continuo e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

O deseño do libro de Lingua Galega e Literatura considera esa diversidade expoñendo a información de diferentes formas (textos explicativos, cadros-resumo, esquemas), utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha gran tipoloxía de actividades.

Ademais, propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles, a si mesmos.
- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, visionado de películas, etc.
- Usar o resumo da unidade como unha forma de autoavaliación.

Este proxecto de Lingua Galega e Literatura presenta os materiais seguintes:

- **Libro do alumnado** para 1.º de Lingua Galega e Literatura de Bacharelato.
- **Web do alumnado** para 1.º de Lingua Galega e Literatura de Bacharelato. Con recursos xerais sobre diversos aspectos da Lingua Galega e a literatura (dúvidas básicas, contidos específicos, etc.) e recursos para cada unidade (enlaces aos recursos xerais sobre aspectos concretos da unidade, vídeos, audios, enlaces, propostas de traballo, etc.).
- **Web do profesorado** para 1.º de Lingua e Literatura de Bacharelato. Con todos os recursos incluídos na web do alumnado e os que están expresamente destinados aos docentes: solucionario de todas as actividades propostas no libro do alumnado, información e actividades complementarias, bibliografía temática e outros recursos como as ferramentas de avaliación e o xerador de probas escritas de avaliación de contidos.

## Unidade 1

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Esta unidade inicial promove unha reflexión sobre a complexidade do fenómeno da comunicación humana, no proceso de interacción dos seres vivos entre si e coa natureza. A unidade progresa desde o máis xeral (a comunicación) ata o máis específico (o signo lingüístico). Estruturalmente pode dividirse en tres núcleos:

- O primeiro abarca os epígrafes 1 e 2, onde se aborda o fenómeno da **linguaxe verbal** dentro da comunicación humana e da teoría da comunicación.
- O segundo engloba os epígrafes 3 a 6. Neles trátase polo miúdo de todo o que concirne ao acto comunicativo concreto e o contorno do mesmo. Inclúese tamén o referente á intención da comunicación e ás funcións da linguaxe segundo Bühler e Jakobson.
- O terceiro e último corresponde aos epígrafes 7 e 8, nos que se introduce o concepto xeral de lingua —distinguíndoo dos de linguaxe e fala— e o específico de signo lingüístico.

A sección de Comentario **de textos** iníciase cos tres pasos necesarios para facer unha lectura completa e produtiva dun texto. O texto final e as actividades vinculadas serven para poñer en práctica a técnica da lectura.

## 2. TEMPORALIZACIÓN

3ª e 4ª semana de setembro e a metade da 1ª semana de outubro.

## 3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Coñecer como nos comunicamos os seres humanos e distinguir os diferentes tipos de comunicación.
2. Coñecer as características da linguaxe humana.
3. Identificar os elementos que interveñen no acto comunicativo, así como os elementos perturbadores
4. Interpretar a intención comunicativa dunha mensaxe e a función da linguaxe predominante.
5. Comprender que a linguaxe é un sistema de comunicación por medio de signos lingüísticos.
6. Analizar a importancia dunha lectura rigorosa, en varias fases, para comprender un texto eficazmente.



**4. CONTENIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contenidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>A comunicación</b></li> <li>- A comunicación humana</li> <li>- <b>A linguaxe humana</b></li> <li>- Linguaxe e pensamento</li> <li>- Características da linguaxe</li> <li>- Elementos do <b>acto comunicativo</b></li> <li>- A reversibilidade do acto comunicativo</li> <li>- <b>O contorno</b> da comunicación</li> <li>- A situación</li> <li>- O contexto</li> <li>- <b>Ruído e redundancia</b></li> <li>- O ruído</li> <li>- A redundancia</li> <li>- <b>A intención</b> comunicativa</li> <li>- As funcións da linguaxe</li> <li>- Os <b>signos</b></li> <li>- O signo lingüístico</li> <li>- A lectura e a comprensión do texto</li> </ul>	1. Coñecer como nos comunicamos os seres humanos e distinguir os diferentes tipos de comunicación.	1.1. Distingue entre comunicación animada e inanimada, e coñece os sistemas non verbais, así como os distintos tipos de comunicación humana.	CCL, CMCT, CAA
	2. Coñecer as características da linguaxe humana.	2.1. Comprende e explica as características da linguaxe.	CCL, CMCT, CAA, CCEC
	3. Identificar os elementos que interveñen no acto comunicativo, así como os elementos perturbadores.	3.1. Identifica os elementos do acto comunicativo (emisor, receptor, referente, mensaxe, código e canle).	CCL, CAA, CSC
		3.2 Localiza os ruídos que perturban os actos comunicativos e as redundancias que intentan contrarrestalos.	CCL, CAA
	4. Interpretar a intención comunicativa dunha mensaxe e a función da linguaxe predominante	4.1. Identifica a intención comunicativa das mensaxes distinguindo as funcións da linguaxe (representativa, expresiva, apelativa, fática, poética e metalingüística).	CCL, CAA, CSIEE
5. Comprender que a linguaxe é un sistema de comunicación por medio de signos lingüísticos	5.1. Comprende o concepto de signo lingüístico.	CCL, CAA, CSIEE	

	6. Comprender a diferenza entre linguaxe, lingua e fala.	6.1. Discrimina linguaxe e lingua, e lingua e fala.	CCL, CAA
	7. Analizar a importancia dunha lectura rigorosa, en varias fases, para comprender un texto eficazmente.	7.1. Analiza a importancia dunha lectura rigorosa, en varias fases, para comprender un texto eficazmente.	CCL, CAA

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.</li> <li>- Manter unha actitude favorable cara á lectura.</li> <li>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.</li> <li>- Utilizar o vocabulario axeitado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.</li> <li>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.</li> <li>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Define e utiliza correctamente termos da unidade como signo, significativo, significado; ruído, redundancia; función lingüística; comunicación, etc.</li> <li>- Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre a lingua e a comunicación, na resolución das actividades que se piden na unidade.</li> <li>- Realiza textos con corrección para elaborar as actividades do repaso final da unidade.</li> <li>- Realiza a lectura comprensiva do apartado de Comentario de textos.</li> </ul>
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.</li> <li>- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Le e produce textos sobre a interacción co contorno, que se inclúen nas actividades da unidade, de forma respectuosa.</li> </ul>
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...</li> <li>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utiliza os mapas conceptuais da unidade para estruturar os contidos.</li> <li>- Autoavalíase realizando as actividades de repaso da unidade.</li> </ul>
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valora a importancia da comunicación humana e os seus tipos na sociedade actual.</li> </ul>

	ideas.	
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</li> <li>- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostra iniciativa á hora de realizar as actividades en diferente formato que se propoñen na unidade.</li> </ul>
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.</li> <li>- Valorar a interculturalidad como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñece as diferentes formas de comunicación humana e as aplicacións que teñen.</li> </ul>
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregar distintas fontes para a busca de información.</li> <li>- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</li> <li>- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplícase na elaboración de información persoal referida aos contidos do tema utilizando as tecnoloxías audiovisuais e dixitais.</li> </ul>

## UNIDADE 2

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*A tipoloxía textual*

### Descrición da unidade

A unidade 2 ten como finalidade ofrecer de xeito conxunto os tipos de textos que os alumnos e as alumnas deben coñecer e manexar nesta etapa educativa. Os contidos introdúcense cun epígrafe sobre a *comunicación oral e a comunicación escrita*, as súas características e diferenzas. A seguir introdúcese o tema da variedade textual, clasificandolos os tipos de textos segundo distintos criterios: a intención comunicativa, a estrutura formal e o lugar de interacción social.

Os tipos de texto analizados son *o dialogado, o descritivo, o narrativo, o expositivo e o argumentativo*. En cada un dos epígrafes analízanse as súas características, a estrutura, os tipos, os elementos básicos e as técnicas necesarias para elaboralo (no caso da descrición e da exposición) e outras cuestións específicas como os erros máis comúns para o caso da argumentación. Na última epígrafe da unidade imos ver as propiedades textuais.

O apartado último de **Comentario de textos** ten como obxectivo debulla as características dun resumo e ofrece as técnicas básicas para elaboralo.

### Dificultades que pode atopar o alumno.

A organización interna deste tema pretende que sexa cómodo e asequible para o alumno. A súa vontade de aplicación práctica precisa dunhas explicacións ordenadas e sistemáticas que teñen nos exercicios vinculados a cada epígrafe unha rella de probas para que as alumnas e os alumnos afiancen os coñecementos.

### Proposta motivadora para o comezo da unidade.

Nesta unidade a imaxe inicial e o texto pretenden despertar no alumnado a idea de que a expresión escrita pode transmitirse de moitas maneiras dependendo dos intereses do emisor e das necesidades do acto de comunicación.

## 2. TEMPORALIZACIÓN

3ª e 4ª semana de outubro

## 3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Distinguir entre comunicación oral e comunicación escrita.
- Comprender de forma esquemática a variedade de textos e a súa clasificación segundo criterios de intención comunicativa, estrutura formal ou lugar de interacción social.
- Comprender as características e a estrutura dun texto dialogado.
- Comprender as características e os tipos de textos descritivos.
- Comprender as características, a estrutura, os elementos básicos e os tipos de texto narrativo.
- Comprender as características, a estrutura e os tipos de texto expositivo.
- Comprender as características, a estrutura e os tipos de texto argumentativo.
- Comprender e analizar as propiedades textuais dun texto.

- Utilizar con corrección ortográfica, gramatical, léxica e textual a lingua.
- Analizar un texto a partir dunhas pautas dadas.
- Comprender e valorar os textos orais e escritos de diversa tipoloxía de diferentes ámbitos
- Analizar as vantaxes, características e proceso de elaboración dun resumo para comprender un texto de forma eficaz.

#### 4. CONTENIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
- <b>Comunicación oral e escrita.</b>	1. Distinguir entre comunicación oral e comunicación escrita.	1.1. Distingue entre comunicación oral e comunicación escrita.	CCL, CAA
- <b>Tipoloxía textual.</b>			
- O texto dialogado.	2. Comprender de forma esquemática a variedade de textos e a súa clasificación segundo criterios de intención comunicativa, estrutura formal ou lugar de interacción social.	2.1. Comprende de forma esquemática a variedade de textos e a súa clasificación segundo criterios de intención comunicativa, estrutura formal ou lugar de interacción social.	CCL, CAA
- O texto descritivo.			
- O texto narrativo.			
- O texto expositivo.			
- O texto argumentativo.			
- <b>As propiedades textuais.</b>	3. Comprender as características e a estrutura dun texto dialogado.	3.1. Comprende as características e a estrutura dun texto dialogado	CCL
- <b>Comentario de textos:</b>			
- O resumo.	4. Comprender as características e os tipos de textos descritivos.	4.1. Comprende as características e os tipos de textos descritivos.	CCL,
	5. Comprender as características, a estrutura, os elementos básicos e os tipos de texto narrativo.	5.1. Pode elaborar unha descrición seguindo uns pasos.	CCL,
		5.2. Comprende as características, a estrutura, os elementos básicos e os tipos de texto narrativo.	CCL,
	6. Comprender as características, a estrutura e os tipos de texto expositivo.	6.1. Comprende as características, a estrutura e os tipos de texto expositivo.	CCL
		6.2. Pode elaborar unha exposición seguindo uns pasos	CCL, CSIEE
	7. Comprender as características, a estrutura e os tipos de texto argumentativo.	7.1. Comprende as características, a estrutura e os tipos de texto argumentativo.	CCL, CAA



	8. Comprender as propiedades textuais e analizar un texto a partir delas.	8.1. Comprende as propiedades textuais e analiza un texto a partir delas.	CCL, CAA
	9. Analizar un texto a partir dunhas pautas dadas.	9.1. Comprende un texto, resume o seu contido, determina o tema e establece a súa estrutura.	CCL, CSIEE, CAA
	10. Comprender e valorar os textos orais e escritos de diversa tipoloxía de diferentes ámbitos.	10.1. Comprende e valora textos orais e escritos de diversa tipoloxía de diferentes ámbitos.	CCL, CMCT, CSIEE
	11. Analizar as vantaxes, características e proceso de elaboración dun resumo para comprender un texto de forma eficaz.	11.1. Analiza as vantaxes, características e proceso de elaboración dun resumo para comprender un texto de forma eficaz	CCL, CAA

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.</li> <li>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.</li> <li>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Define utiliza correctamente termos relacionados coa unidade.</li> <li>- Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre os compoñentes da vida, mediante a resolución das distintas actividades que se piden na unidade.</li> <li>- Realiza unha lectura comprensiva dos textos da unidade e extrae as ideas principais.</li> </ul>
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Le e comprende os textos para o Comentario e de Repaso da unidade e reflexiona sobre eles.</li> </ul>
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utiliza o esquema final da unidade para estruturar os contidos.</li> </ul>
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valora a importancia da ciencia e da cultura na sociedade actual.</li> </ul>
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostra iniciativa á hora de debater nun discurso oral argumentativo.</li> </ul>
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñece, a partir dos distintos tipos de textos, a importancia da comunicación escrita na nosa cultura.</li> </ul>

	que contribuíron ao seu desenvolvemento.	
<i>Competencia dixital</i>	- Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Emprega diversos recursos para ampliar a información.

## UNIDADE 3

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*O substantivo e o adxectivo*

### Descrición da unidade

A unidade 3 ten como finalidade analizar, dentro das clases de palabras, o substantivo e o adxectivo. Na epígrafe do *substantivo* imos ver a definición e clasificación desde o punto de vista morfolóxico, sintáctico e semántico; ademais, veremos a formación do xénero e do número e as súas diferenzas. Na epígrafe do *adxectivo*, despois de comprender a definición, analizaremos a formación do grao comparativo e superlativo.

O apartado último de **Comentario de textos** ten como obxectivo analizar o título dun texto e distinguir entre *tema* e *argumento*.

### Dificultades que pode atopar o alumno.

A organización interna deste tema pretende que sexa cómodo e asequible para o alumno. De feito son contidos que os nosos alumnos e alumnas veñen estudando desde idades temperás, polo que a comprensión dos contidos non debe ser complicada; iso si, tendo en conta que son as excepcións á norma a cuestión compliada deste tema. A súa vontade de aplicación práctica precisa dunhas explicacións ordenadas e sistemáticas que teñen nos exercicios vinculados a cada epígrafe unha rella de probas para que as alumnas e os alumnos afiancen os coñecementos.

### Proposta motivadora para o comezo da unidade.

O texto inicial desta unidade pretende facerlles ver aos nosos alumnos e alumnas as características dos adxectivos e substantivos.

## 2. TEMPORALIZACIÓN

Primeira e segunda semana de novembro

## 3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar morfolóxicamente e sintacticamente os substantivos e clasificalos segundo o significado, orixe e composición.
- Coñecer e aplicar regras básicas de gramática: xénero e número.
- Identificar o adxectivo cualificativo e aplicar correctamente os procedementos de formación do comparativo e do superlativo.
- Valorar a relevancia e información que achega o título dun documento e a importancia de identificar claramente o tema.

#### 4. CONTENIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O substantivo.</li> <li>- O adxectivo.</li> <li>- Comentario de textos:</li> <li>- O título.</li> </ul>	1. Identificar morfolóxica e sintacticamente os substantivos e clasificalos segundo o significado, orixe e composición.	1.1. Identifica o substantivo e defíneo desde o punto de vista morfolóxico e sintáctico.	CCL, CAA, CD
		1.2. Comprende a clasificación dos substantivos desde un criterio semántico.	CCL, CAA, CD
	2. Identificar substantivos masculinos e femininos, e formar o feminino de substantivos.	2.1. Coñece as características do morfema de xénero.	CCL, CAA, CD
		2.2. Identifica casos especiais de formación do xénero.	CCL, CAA, CD
	3. Formar o plural de substantivos e de palabras compostas.	3.1. Coñece as características do morfema de número no nome.	CCL, CAA, CD
		3.1. Diferencia os procedementos de formación do plural e os casos especiais.	CCL, CAA, CD
	4. Identificar morfolóxica e sintacticamente os adxectivos e clasificalos en explicativos ou especificativos.	4.1. Coñece o adxectivo e clasifícao desde diversos puntos de vista.	CCL, CAA,
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Responde ás preguntas da lectura inicial adiantándose aos contidos do tema.
	- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Fai preguntas e comunícase cos demais de forma correcta e adecuada.
	- Manter unha actitude favorable cara á lectura.	- Le os textos da unidade e algún dos textos recomendados na web. - Traballa as lecturas guiadas recomendadas.
	- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Mantén unha actitude correcta tanto ao consultar dúbidas ou responder, como ante as preguntas e respostas dos demais.
	- Utiliza o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Realiza as explicacións das actividades e elabora un texto de opinión e un resumo con corrección ortográfica e gramatical.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	- Recoñece a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	- Le os textos con rigor científico e actitude analítica.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	- Aplica estratexias de mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.	- Aplica os coñecementos aprendidos para analizar e comentar os textos da unidade e crear outros novos.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado democrático de dereito refrendado por unha constitución.	- Le o contexto histórico da Idade Media e aplica o seu coñecemento na comprensión dos textos medievais. - Entende o valor das obras medievais.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde o coñecementos previos do tema.	- Elabora un comentario crítico a través de pautas dadas.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	- Le con atención os textos de autor propostos na unidade.
<i>Competencia dixital</i>	- Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Emprega diversos recursos para ampliar a información.



## UNIDADE 12

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*A literatura galega medieval*

### Descrición da unidade

No tema 12 seguimos coa literatura medieval, pero neste caso dedícase á cantiga de amor, á cantiga de escarnio e maldizer, as Cantigas de Santa María e á prosa medieval.

O apartado de **Comentario de textos** analiza os tipos de estrutura dos textos poéticos. Ao final da unidade tamén se propón unha dobre páxina de **Lecturas guiadas** que lle permitirán aos alumnos afondar nalgúns obras significativas das tratadas na unidade

### Dificultades que pode atopar o alumno.

A literatura medieval e os seus textos poden resultar complexos para os alumnos, polo que convén unha achega espaciada e profunda.

A vontade de aplicación práctica precisa dunhas explicacións ordenadas e sistemáticas que teñen nos exercicios vinculados a cada epígrafe unha rella de probas para que as alumnas e os alumnos afiancen os coñecementos.

### Proposta motivadora para o comezo da unidade.

O texto inicial desta unidade é un extracto de autor sobre a lírica medieval amorosa e as diferenzas do sentido do amor que podemos atopar entre a época medieval e a actual.

## 2. TEMPORALIZACIÓN

Terceira semana de abril

## 3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as características da lírica profana galego portuguesa e as súas manifestacións principais.
- Ser capaz de identificar as *Cantigas de Santa María* atendendo aos seus temas e aos procedementos formais empregados.
- Coñecer algunhas manifestacións da prosa literaria medieval.
- Realizar esquemas das partes en que se divide un poema segundo a súa estrutura interna.
- Analizar a estrutura externa dun texto poético.

#### 4. CONTENIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC	
<p>- <b>A literatura galega medieval</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A cantiga de amor.</li> <li>- As cantigas de escarnio e maldicir.</li> <li>- Xéneros menores da lírica profana.</li> <li>- A lírica relixiosa: <i>As Cantigas de Santa María</i>.</li> <li>- Decadencia da lírica galego-portuguesa.</li> <li>- A prosa literaria medieval.</li> </ul> <p>- <b>Comentario de textos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os textos poéticos.</li> </ul>	1. Coñecer as características da lírica profana galego portuguesa e as súas manifestacións principais.	1.1. Identifica e analiza as cantigas de amor: trazos formais, personaxes, ambientación...	CCL, CAA, CD	
			1.2. Analiza cantigas de escarnio e de maldicir, formal e tematicamente	CCL, CAA,
			1.3. Coñece os xéneros menores e os contaminados.	CD
		2. Ser capaz de identificar as <i>Cantigas de Santa María</i> atendendo aos seus temas e aos procedementos formais empregados	2.1. Identifica e comenta as <i>Cantigas de Santa María</i> .	CCL, CAA, CD
		3. Coñecer algunhas manifestacións da prosa literaria medieval.	3.1. Coñece algunhas manifestacións da prosa literaria medieval.	CCL, CAA, CD
		4. Realizar esquemas das partes en que se divide un poema segundo a súa estrutura interna.	4.1. Elabora un esquema das partes nas que se divide un poema segundo a súa estrutura interna.	CCL, CAA, CD
		5. Analizar a estrutura externa dun texto poético.	5.1. Analiza a estrutura externa dun texto poético.	CD
		6. Utilizar con corrección ortográfica, gramatical, léxica e textual a lingua.	6.1. Exprésase oralmente e por escrito de forma correcta e adecuada.	CCL, CAA, CSIEE

	7. Utilizar fontes de información impresas ou dixitais no proceso de aprendizaxe.	7.1. Emprega diferentes fontes de información para ampliar coñecementos, resolver dúbidas e avanzar na aprendizaxe autónoma.	CCL, CAA, CSIEE
--	---	--	-----------------------

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Responde ás preguntas da lectura inicial adiantándose aos contidos do tema.
	- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Fai preguntas e comunícase cos demais de forma correcta e adecuada.
	- Manter unha actitude favorable cara á lectura.	- Le os textos da unidade e algún dos textos recomendados na web. - Traballa as lecturas guiadas recomendadas.
	- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Mantén unha actitude correcta tanto ao consultar dúbidas ou responder, como ante as preguntas e respostas dos demais.
	- Utiliza o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Realiza as explicacións das actividades e elabora un texto de opinión e un resumo con corrección ortográfica e gramatical.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	- Recoñece a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	- Le os textos con rigor científico e actitude analítica.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	- Aplica estratexias de mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.	- Aplica os coñecementos aprendidos para analizar e comentar os textos da unidade e crear outros novos.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado democrático de dereito refrendado por unha constitución.	- Le o contexto histórico da Idade Media e aplica o seu coñecemento na comprensión dos textos medievais. - Entende o valor das obras medievais.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde o coñecementos previos do tema.	- Elabora un comentario crítico a través de pautas dadas.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	- Le con atención os textos de autor propostos na unidade.
<i>Competencia dixital</i>	- Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Emprega diversos recursos para ampliar a información.

## UNIDADE 13

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*Os Séculos Escuros e o Prerrexurdimento*

### Descrición da unidade

No tema 13 veremos a produción literaria producida no tempo que abranguen os Séculos Escuros, a produción literaria popular e os textos dos primeiros Precursores.

O apartado de **Comentario de textos** analiza a forma de concluír un comentario poético. Ao final da unidade tamén se propón unha dobre páxina de **Lecturas guiadas** que lle permitirán aos alumnos afondar nalgúns obras significativas das tratadas na unidade

### Dificultades que pode atopar o alumno.

Para comprender a ausencia de produción literaria nos Séculos Escuros e a importancia do movemento coñecido como Rexurdimento, que iniciamos nesta unidade, compre ter claras as nocións históricas e culturais que o producen.

A vontade de aplicación práctica precisa dunhas explicacións ordenadas e sistemáticas que teñen nos exercicios vinculados a cada epígrafe unha rella de probas para que as alumnas e os alumnos afiancen os coñecementos.

### Proposta motivadora para o comezo da unidade.

O texto inicial desta unidade é unha coñecida canción de Caetano Veloso que pon de relevo a importancia de expresarse na lingua propia; feito que foi impedido na época coñecida como Séculos Escuros.

## 2. TEMPORALIZACIÓN

Cuarta semana de abril

## 3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Entender e relacionar a escaseza de escritores galegos nos Séculos Escuros coa situación sociolingüística e coñecer as manifestacións literarias e os autores máis salientables.
- Coñecer os diversos tipos de manifestacións literarias de carácter oral popular, tanto en verso como en prosa.
- Entender o contexto histórico do Prerrexurdimento e coñecer a produción literaria dos chamados «Precursores».
- Elaborar o comentario crítico dun texto poético.



#### 4. CONTENIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>- <b>Dos Séculos Escuros ao Prerrexurdimento</b></p> <p>- Os Séculos Escuros.</p> <p>- A literatura popular.</p> <p>- O prerrexurdimento.</p> <p>- <b>Comentario de textos:</b></p> <p>- Os textos poéticos.</p>	<p>1. Entender e relacionar a escaseza de escritores galegos nos Séculos Escuros coa situación socio lingüística e coñecer as manifestacións literarias e os autores máis salientables.</p>	<p>1.1. Coñece as mostras literarias galegas dos Séculos Escuros: poesía anónima tradicional, académica, relixiosa e teatro</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
		<p>1.2. Coñece as tres xeracións do movemento ilustrado en Galicia</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
	<p>2. Coñecer os diversos tipos de manifestacións literarias de carácter oral popular, tanto en verso como en prosa.</p>	<p>2.1. Coñece as principais manifestacións literarias de carácter oral en verso</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
		<p>2.2. Coñece as principais manifestacións literarias de carácter oral dramáticas e en prosa (o conto e a lenda).</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
	<p>3. Entender o contexto histórico do Prerrexurdimento e coñecer a produción literaria dos chamados «Precusores».</p>	<p>3.1. Entende o contexto histórico do Prerrexurdimento e coñece as principais manifestacións literarias da primeira metade do XIX: textos propagandísticos e textos literarios.</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
		<p>3.2. Coñece a ideoloxía e a obra dos precursoros do Rexurdimento.</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
	<p>4. Elaborar o comentario crítico dun texto poético.</p>	<p>4.1. Elabora o comentario crítico dun texto poético.</p>	<p>CCL, CAA,</p>

			CD
	5. Utilizar con corrección ortográfica, gramatical, léxica e textual a lingua.	5.1. Exprésase oralmente e por escrito de forma correcta e adecuada.	CCL, CAA, CSIEE
	6. Utilizar fontes de información impresas ou dixitais no proceso de aprendizaxe.	6.1. Emprega diferentes fontes de información para ampliar coñecementos, resolver dúbidas e avanzar na aprendizaxe autónoma.	CCL, CAA, CSIEE

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Responde ás preguntas da lectura inicial adiantándose aos contidos do tema.
	- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Fai preguntas e comunícase cos demais de forma correcta e adecuada.
	- Manter unha actitude favorable cara á lectura.	- Le os textos da unidade e algún dos textos recomendados na web. - Traballa as lecturas guiadas recomendadas.
	- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Mantén unha actitude correcta tanto ao consultar dúbidas ou responder, como ante as preguntas e respostas dos demais.
	- Utiliza o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Realiza as explicacións das actividades e elabora un texto de opinión e un resumo con corrección ortográfica e gramatical.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	- Recoñece a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	- Le os textos con rigor científico e actitude analítica.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	- Aplica estratexias de mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.	- Aplica os coñecementos aprendidos para analizar e comentar os textos da unidade e crear outros novos.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado democrático de dereito refrendado por unha constitución.	- Le o contexto histórico e social da época coñecida como Séculos Escuros e valora a incidencia da situación histórica na produción literaria. - Entende o valor das obras dos Precusores.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde o coñecementos previos do tema.	- Elabora un comentario crítico a través de pautas dadas.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	- Le con atención os textos de autor propostos na unidade.
<i>Competencia dixital</i>	- Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Emprega diversos recursos para ampliar a información.

## UNIDADE 14

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*Rexurdimento: Rosalía de Castro*

### Descrición da unidade

No tema 14 veremos a produción literaria do Rexurdimento e, en especial, a nosa gran poetisa, Rosalía de Castro.

O apartado de **Comentario de textos** inicia o traballo co texto dramático. Ao final da unidade tamén se propón unha dobre páxina de **Lecturas guiadas** que lle permitirán aos alumnos afondar nalgúns obras significativas das tratadas na unidade

### Dificultades que pode atopar o alumno.

Para comprender a relevancia de Rosalía de Castro compre unha ollada actual e cosmopolita sobre a súa obra, que nos amose a relevancia para a lingua e a importancia como poetisa nas correntes europeas do momento.

A vontade de aplicación práctica precisa dunhas explicacións ordenadas e sistemáticas que teñen nos exercicios vinculados a cada epígrafe unha rella de probas para que as alumnas e os alumnos afiancen os coñecementos.

### Proposta motivadora para o comezo da unidade.

O texto inicial desta unidade pertence ao escritor Xavier Queipo. De forma suxestiva debulla todos os aspectos polos que Rosalía debe ser lida de novo á luz dos nosos tempos.

## 2. TEMPORALIZACIÓN

Primeira semana de maio

## 3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Reflexionar sobre a importancia do Rexurdimento na nosa literatura.
- Coñecer as principais contribucións de Rosalía de Castro á literatura e á vida cultural galega.
- Analizar o contido (personaxes, ambiente e acción dramática) de textos teatrais.

#### 4. CONTENIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>- <b>O Rexurdimento: Rosalía de Castro</b></p> <p>- Caracterización e delimitación.</p> <p>- Causas: o galeguismo.</p> <p>- Rosalía de Castro.</p> <p>- <b>Comentario de textos:</b></p> <p>- Os textos dramáticos.</p>	1. Reflexionar sobre a importancia do Rexurdimento na nosa literatura.	1.1. Caracteriza o movemento denominado Rexurdimento, coñece os seus protagonistas e explica as causas da súa aparición e as etapas do galeguismo	CCL, CAA, CD
	2. Coñecer as principais contribucións de Rosalía de Castro á literatura e á vida cultural galega.	2.1. Reflexiona sobre a vida, a obra, a lingua e a importancia de Rosalía na Literatura galega	CCL, CAA, CD
		2.2. Analiza a temática, a forma e a estrutura de poemas de <i>Cantares gallegos</i> .	CCL, CAA, CD
		2.3. Analiza a temática, a forma e a estrutura de poemas de <i>Follas novas</i> .	CCL, CAA, CD
	3. Analizar o contido (personaxes, ambiente e acción dramática) de textos teatrais	3.1. Identifica o tema e comenta os elementos pertencentes á estrutura interna (personaxes, ambiente e acción dramática) de textos teatrais	CCL, CAA, CD
		3.2. Coñece a ideoloxía e a obra dos precursores do Rexurdimento.	CCL, CAA, CD
	4. Utilizar con corrección ortográfica, gramatical, léxica e	4.1. Exprésase oralmente e por escrito de forma correcta e adecuada.	CCL, CAA,

	textual a lingua.		CSIEE
	5. Utilizar fontes de información impresas ou dixitais no proceso de aprendizaxe.	5.1. Emprega diferentes fontes de información para ampliar coñecementos, resolver dúbidas e avanzar na aprendizaxe autónoma.	CCL, CAA, CSIEE



## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Responde ás preguntas da lectura inicial adiantándose aos contidos do tema.
	- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Fai preguntas e comunícase cos demais de forma correcta e adecuada.
	- Manter unha actitude favorable cara á lectura.	- Le os textos da unidade e algún dos textos recomendados na web. - Traballa as lecturas guiadas recomendadas.
	- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Mantén unha actitude correcta tanto ao consultar dúbidas ou responder, como ante as preguntas e respostas dos demais.
	- Utiliza o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Realiza as explicacións das actividades e elabora un texto de opinión e un resumo con corrección ortográfica e gramatical.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	- Recoñece a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	- Le os textos con rigor científico e actitude analítica.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	- Aplica estratexias de mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.	- Aplica os coñecementos aprendidos para analizar e comentar os textos da unidade e crear outros novos.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado democrático de dereito refrendado por unha constitución.	- Le o contexto histórico e social da época coñecida como Rexurdimento e valora a situación social e histórica que o propicia. - Entende o valor das obras de Rosalía de Castro.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde o coñecementos previos do tema.	- Elabora un comentario crítico a través de pautas dadas.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	- Le con atención os textos de autor propostos na unidade.
<i>Competencia dixital</i>	- Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Emprega diversos recursos para ampliar a información.

## UNIDADE 15

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*Rexurdimento: Curros Enríquez, Eduardo Pondal e a xeración “Entre dous séculos”*

### Descrición da unidade

No tema 15 veremos a produción literaria de Curros Enríquez e Eduardo Pondal; e a dos epígonos do Rexurdimento: Noriega Varela e Cabanillas.

O apartado de **Comentario de textos** remata o traballo co texto dramático. Ao final da unidade tamén se propón unha dobre páxina de **Lecturas guiadas** que lle permitirán aos alumnos afondar nalgúns obras significativas das tratadas na unidade

### Dificultades que pode atopar o alumno.

A vontade de aplicación práctica precisa dunhas explicacións ordenadas e sistemáticas que teñen nos exercicios vinculados a cada epígrafe unha rella de probas para que as alumnas e os alumnos afiancen os coñecementos.

### Proposta motivadora para o comezo da unidade.

O texto inicial desta unidade pertence ao grupo cultural, Batallón literario da Costa da Morte, e reflicte a vontade de rebelión que caracteriza aos escritores do Rexurdimento.

## 2. TEMPORALIZACIÓN

Segunda semana de maio

## 3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as principais contribucións de Pondal á literatura e á vida cultural galega.
- Coñecer as principais contribucións de Curros á literatura e á vida cultural galega.
- Coñecer as principais contribucións doutros escritores á literatura galega no Rexurdimento.
- Coñece algúns autores relevantes da xeración entre dous séculos: Antón Noriega Varela e Ramón Cabanillas.
- Analizar a forma e a estrutura externa dos textos dramáticos.

**4. CONTENIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p><b>O Rexurdimento: Eduardo Pondal e Curros Enríquez</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Eduardo Pondal.</li> <li>- Curros Enríquez.</li> </ul> <p><b>Os escritores da Xeración entre dous séculos: Noriega Varela e Ramón Cabanillas</b></p> <p><b>Comentario de textos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os textos dramáticos.</li> </ul>	<p>1. Coñecer as principais contribucións de Pondal á literatura e á vida cultural galega.</p>	<p>1.1. Reflexiona sobre a vida, a obra, as fontes literarias, a lingua e a importancia de Pondal na literatura galega.</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
		<p>1.2. Analiza algún poema de <i>Queixumes dos pinos</i>, tanto desde o punto de vista formal coma de contido</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
	<p>2. Coñecer as principais contribucións de Curros á literatura e á vida cultural galega</p>	<p>2.1. Reflexiona sobre a vida, a obra, a lingua, o estilo e a importancia de Curros na literatura galega.</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
		<p>2.2. Analiza formalmente algún poema de Aires da miña terra e d' <i>O Divino sainete</i> e realiza un comentario interpretativo.</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
	<p>3. Coñecer as principais contribucións doutros escritores á literatura galega no Rexurdimento</p>	<p>3.1. Coñece as principais contribucións de Valentín Lamas Carvajal á literatura galega.</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
		<p>3.2. Coñece outros narradores galegos e autores de teatro do Rexurdimento</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>

	4. Coñecer algúns autores relevantes da xeración entre dous séculos: Antón Noriega Varela e Ramón Cabanillas	4.1. Coñece algúns autores relevantes da xeración entre dous séculos: Antón Noriega Varela e Ramón Cabanillas	CCL, CAA, CD
	5. Analizar a forma e a estrutura externa dos textos dramáticos	5.1. Analiza a forma e a estrutura externa de textos dramáticos: o subxénero, os diálogos, as anotacións e a lingua.	CCL, CAA, CD
	6. Utilizar con corrección ortográfica, gramatical, léxica e textual a lingua.	6.1. Exprésase oralmente e por escrito de forma correcta e adecuada.	CCL, CAA, CSIEE
	7. Utilizar fontes de información impresas ou dixitais no proceso de aprendizaxe.	7.1. Emprega diferentes fontes de información para ampliar coñecementos, resolver dúbidas e avanzar na aprendizaxe autónoma.	CCL, CAA, CSIEE

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Responde ás preguntas da lectura inicial adiantándose aos contidos do tema.
	- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Fai preguntas e comunícase cos demais de forma correcta e adecuada.
	- Manter unha actitude favorable cara á lectura.	- Le os textos da unidade e algún dos textos recomendados na web. - Traballa as lecturas guiadas recomendadas.
	- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Mantén unha actitude correcta tanto ao consultar dúbidas ou responder, como ante as preguntas e respostas dos demais.
	- Utiliza o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Realiza as explicacións das actividades e elabora un texto de opinión e un resumo con corrección ortográfica e gramatical.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	- Recoñece a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	- Le os textos con rigor científico e actitude analítica.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	- Aplica estratexias de mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.	- Aplica os coñecementos aprendidos para analizar e comentar os textos da unidade e crear outros novos.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes	- Le o contexto histórico e social da época coñecida como Rexurdimento e valora a situación social e

	e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado democrático de dereito refrendado por unha constitución.	histórica que o propicia. - Entende o valor das obras de Eduardo Pondal e Curros Enríquez.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde o coñecementos previos do tema.	- Elabora un comentario crítico a través de pautas dadas.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	- Le con atención os textos de autor propostos na unidade.
<i>Competencia dixital</i>	- Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Emprega diversos recursos para ampliar a información.



# 2º BACHARELATO

## OBXECTIVOS XERAIS DE 2º DE BACHARELATO

Os obxectivos fundamentais da ensinanza da materia de Lingua e Literatura galega en 2º de bacharelato son o desenvolvemento das seguintes actividades e competencias comunicativas:

1. Comprender o contido global e particular así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, nomeadamente, dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.
2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
3. Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.
4. Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutura así como recoñecer o seu tema e a organización da información.
5. Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
6. Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa un axente social no seu ámbito, contribuindo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua (de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional).
7. Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do Estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.

8. Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e sobre os factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.
9. Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades, superar estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos, en especial os referidos ás mulleres, para evitalos.
10. Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.
11. Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione de maneira óptima.
12. Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.
13. Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativas utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.
14. Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das diferentes épocas da literatura galega en tanto que expresión de determinadas circunstancias sociohistóricas.
15. Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

## **CONTIDOS XERAIS E MÍNIMOS**

Segundo o establecido no DCB, os contidos xerais desta materia agrúpanse en tres bloques: contidos comúns, lingua e texto, sociolingüística e literatura. A continuación detállanse os correspondentes a este 2º curso:

### **Contidos comúns**

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobligatoria.
- Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.

- Elaboración de exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso que lle proporcionen ao alumnado os rudimentos do discurso científico.
- Aplicación e respecto polas normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
- Busca, obtención, selección e integración de información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas e polas tecnoloxías da información.
- Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.
- Interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal. Reflexión e análise de obras e fragmentos de diversos períodos literarios.

### **Lingua e texto**

- Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.
- A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.
- As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O texto dialectal.
- Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.
- Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.
- Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras.

### **A sociolingüística**

- As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuizos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

- O galego no 1º terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

### **A literatura**

- A literatura do primeiro terzo do século XX:
  - A poesía das Irmandades e a poesía de vangarda.
  - A prosa: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
  - O teatro: Irmandades, Vangardas e o Grupo Nós.
- A literatura entre 1936 e 1976:
  - A poesía: a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. A poesía do exilio.
  - A prosa: os renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. A prosa do exilio.
  - O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. O teatro do exilio.
- A literatura de fins do século XX e comezos do XXI:
  - Poesía: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
  - Prosa: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
  - Teatro: o teatro dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.
- Lectura, análise e comentario de textos significativos, polo menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

En canto aos **contidos mínimos**, establécense os que se expoñen a continuación:

- Historia externa da lingua (o século XX e XXI): os contextos sociolingüísticos.
- A normalización lingüística: a diversidade plurilingüe e pluricultural de España.
- Bilingüismo e diglosia: análise dos aspectos sociolingüísticos e psicosociais que configuran a situación actual do idioma.
- Análise da presenza do galego nos medios de comunicación de masas escritos e audiovisuais.
- Revisión dos conceptos básicos de fonética, fonoloxía, morfoloxía e lexicoloxía.
- A semántica: o estudo do significado. O campo semántico. As relacións semánticas. Os cambios semánticos.
- Propiedades do texto: procedementos de adecuación (intención, relación emisor-receptor...), coherencia (progresión da información, tema e rema...) e cohesión (elipse, sinónimos...). A estrutura do texto: marcadores e conectores; os signos de puntuación. Tipos de textos: as súas características.
- Enunciado e oración; tipos. Oración simple e oración composta. Constituíntes da oración: a frase; tipos de frases. A oración simple; as funcións sintácticas na oración. Coordinación e subordinación de unidades. A oración composta: tipos.
- A competencia lexical: prácticas de enriquecemento do uso do léxico e da fraseoloxía.
- Modelos para análise e comentario de textos literarios.
- Coñecemento e manexo de recursos da información: Internet, medios de comunicación, axencias de prensa, bibliotecas, etc.
- A redacción: técnicas auxiliares para a comprensión e a creación de diferentes tipos de textos.
- A literatura galega nos séculos XX e XXI: marco histórico e cultural. Etapas.
- Noriega Varela e Ramón Cabanillas: análise e comentario de poemas representativos.
- Os movementos de vangarda: análise e comentario de poemas de Manuel Antonio e doutros poetas vangardistas.
- A Xeración Nós: lectura e análise de textos de Castelao, Otero Pedrayo e Vicente Risco.
- O teatro das Irmandades (Cabanillas), das Vangardas (Dieste) e da Xeración Nós.

- A literatura galega no exilio: autores (Blanco-Amor, Luís Seoane, Lorenzo Varela...) e obras.
- Tendencias da lírica na segunda metade do século XX: Celso Emilio Ferreiro, Aquilino Iglesia Alvariño e Uxío Novoneyra. Grupos de poetas.
- Tendencias da narrativa galega de posguerra: lectura de textos de Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole e Xohana Torres.
- Tendencias do teatro galego de posguerra: lectura de fragmentos de Cunqueiro, Blanco-Amor e Carballo Calero.
- Os modelos narrativos de finais do século XX: Neira Vilas, M<sup>a</sup> Xosé Queizán, Méndez Ferrín e Carlos Casares.
- Tendencias actuais da lírica, da narrativa, da dramática e da ensaística.

#### **AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS , INSTRUMENTOS E CRITERIOS.**

Combinaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación, de modo que non se cualificará unicamente polos resultados dos exames, senón que se terán en conta distintos tipos de probas ou exercicios escritos e/ou orais, as actitudes positivas cara á materia, o traballo continuo (na casa e na clase) e a lectura obrigada dos libros propostos.

Farase especial fincapé na corrección da expresión escrita, a todos os niveis. No ámbito da ortografía, descontarase por faltas de ortografía, incluíndo os tiles, a criterio do establecido pola CIGA para as probas da selectividade. Este departamento considera que son mecanismos que os leva a fixarse máis na elaboración dos seus escritos, conseguindo, a medida que avanza o curso, melloren na elaboración das súas producións.

Os **criterios de avaliación** que se aplicarán neste curso son os seguintes:

1. Interpretar diferentes tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais e a situación na que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.

(Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para comprender e valorar na súa integridade textos de distinta natureza, recollendo as ideas fundamentais en resumos, esquemas ou mapas conceptuais tras aplicar distintas estratexias e coñecementos de carácter lingüístico, sociolingüístico e pragmático. Ademais deben ser

capaces de identificar a intención comunicativa dun texto (información, opinión ou persuasión) sendo quen de emitir xuízos críticos sobre el.)

2. Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade e usando recursos audiovisuais, bibliográficos e das tecnoloxías da información e comunicación.

(Avaliarase a capacidade do alumnado para participar de forma activa, autónoma e con eficacia comunicativa en interaccións orais. Así mesmo, comprobarase a capacidade do alumnado para planificar e realizar exposicións orais sobre os temas mencionados integrando a información obtida da consulta e selección de diversas fontes de documentación e da utilización de diferentes recursos e estratexias. Valorarase a pronuncia e a entoación axeitada, a corrección gramatical, a fluidez, a presentación, a estrutura e o emprego do léxico adecuado á situación comunicativa, así como o uso dos elementos paralingüísticos oportunos.)

3. Compoñer producións escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, amais dunha coidada presentación.

(Trátase de verificar a capacidade do alumnado para comunicarse por escrito de forma planificada, ben sobre papel ben en soporte dixital; valorarase a presentación clara e ordenada, a corrección gramatical e o uso dun rexistro adecuado á situación comunicativa, a selección e presentación do tema e das ideas de xeito lóxico, así como a axeitada utilización de mecanismos de cohesión lingüística que doten a estas producións de certa entidade.)

4. Caracterizar e identificar diferentes tipos de textos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, sobre todo, dos ámbitos científico e académico e dos medios de comunicación.

(Este criterio refírese á valoración da capacidade para identificar o tema, estrutura formal e informativa e nivel de adecuación de diversos tipos de textos pertencentes a diferentes ámbitos de uso. Igualmente preténdese comprobar se o alumnado é quen de manexar o tipo de texto máis oportuno para cada situación comunicativa que se lle presente na súa vida cotiá.)

5. Coñecer os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise, etc.) propios da gramática galega.

(Trátase de verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado, a cal se observará a partir da súa capacidade de indución sobre textos de distinta natureza.)

6. Utilizar sistematicamente os coñecementos lingüísticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compoñer e revisar textos propios e de temáticas diversas.

(Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de transferir e aplicar de xeito reflexivo os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico co fin de mellorar a recepción de textos e a revisión e composición das propias producións.)

7. Coñecer e utilizar un caudal léxico (palabras, frases feitas, combinacións, fórmulas sociais ou elementos discursivos) apropiado e amplo que incremente non só o vocabulario receptivo senón, e sobre todo, o de tipo produtivo.

(Este criterio servirá, por unha banda, para comprobar a adquisición dun léxico receptivo que permita mellorar e ampliar a comprensión de textos de distinto tipo e grao de complexidade; por outra, trátase de verificar se o novo caudal léxico que se vaia adquirindo é comprendido, retido e reutilizado adecuadamente en producións propias cada vez máis elaboradas.)

8. Diferenciar as variedades internas da lingua e identificar as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.

(Preténdese que o alumnado sexa quen de recoñecer nos textos a información que determinadas marcas lingüísticas proporcionan sobre a súa cronoloxía, a procedencia xeográfica do emisor, o grupo social a que pertence ou o contexto en que se producen. Así mesmo, terase en conta a capacidade do alumnado para aplicar estes coñecementos ás propias producións evitando, sobre todo, a utilización de interferencias de sistemas lingüísticos alleos.)

9. Valorar a lingua galega e ser quen de identificar os prexuizos e estereotipos que están ligados a ela.

(Con este criterio trátase de verificar se o alumnado é consciente da situación lingüística actual e da súa problemática, así como se ten capacidade para manifestarse de forma crítica e razoada sobre o tema. Valorarase se o alumnado é capaz de recoñecer prexuizos e valoracións pexorativas presentes nos usos lingüísticos, así como a súa capacidade para reflexionar sobre eles e evitalos de forma consciente nas súas propias producións.)

10. Coñecer as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valorala con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística.



(Este criterio pretende comprobar se o alumnado entende a lingua como un fenómeno social e diacrónico que explica a problemática actual do galego.)

11. Coñecer a historia da literatura galega: as principais etapas, movementos, autores e obras.

(Trátase de comprobar se o alumnado coñece as claves da nosa historia literaria e se comprende a produción literaria como un produto cultural situado nun contexto sociohistórico determinado.)

12. Ler, analizar e comentar obras e fragmentos significativos da historia da literatura galega, utilizando os coñecementos sobre as formas literarias (xéneros, recursos literarios, versificación) e os distintos períodos, movementos e autores.

(Preténdese que o alumnado sexa quen de ler, interpretar, analizar e valorar con espírito crítico textos e obras literarias utilizando coñecementos históricos e de análise de texto literario (xénero, estrutura, temática, recursos formais). Tamén se valorará a súa capacidade para consultar e manexar de forma autónoma distintas fontes de información que lle permitan interpretar textos e obras literarias.)

## **TEMPORALIZACIÓN**

Farase unha distribución das unidades acorde coas avaliacións, nembargantes quedará a criterio do profesor/a a distribución dos bloques de contido e a súa temporalización tendo en conta as características especiais do curso e o seu enfoque cara a proba de selectividade; en todo caso, sempre se respectará os contidos, obxectivos e procedementos sinalados anteriormente.